

Sr. Presidente da Real Academia Galega, Don Xesús Alonso Montero.

Sra. Académica, Dona Margarita Ledo.

Querida Saleta.

Amigas e amigos.

É unha honra para a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega poder colaborar na celebración deste simposio sobre o poeta Manuel María, un dos poetas máis completos, cultos e complexos da segunda metade do século XX na Galiza.

Sería inexplicábel a historia da AELG sen a súa achega, sen a afouteza do seu maxisterio. Foi o noso mestre sendo un máis de nós, compañeiro de a diario de tantos e tantas de nós, irmao maior dos que nacemos da mao da poesía e da conciencia despois da morte do ditador.

É parte imborrábel da biografía persoal e poética de quen lles fala. Agradecido a el e a Saleta polo seu afecto conmovedor e inesquecível, nun tempo no que, en palabras de Manuel María, retornaba eu á miña terra «*coma un paxaro ferido e desorientado*».

A súa obra foi nacendo, afortunadamente, un paso por diante das necesidades culturais e sociais da Galiza do seu tempo e da Galiza futura, que el sempre estaba a soñar.

Foi o depositario da memoria colectiva e persoal dunha xeración que nos foi negada. Viviu esta terra como un territorio de tenrura, en tempos especialmente duros, que nunca conseguiron derrotar a súa esperanza: que este pobo alcanzase os seus dereitos nacionais como un dos pobos máis cultos da Europa. O conxunto da súa obra foi, e é, un verdadeiro *Sempre en Galiza* poético.

Naquelas décadas, a obra de Manuel María deu soporte cultural e alentou a alma colectiva da autoorganización do pobo galego en forzas políticas propias que querían e queren que esta Terra poida determinar por ela mesma o seu futuro.

Querido e respectado, sempre rodeado de afecto, viviu, como o grande poeta que era, a necesaria soidade existencial que el converteu en soidade creadora, que todo poeta ten que vivir inescusabelmente, para dar froitos poéticos que sobrevivan ao paso do tempo.

A súa obra puxo as ás a quen precisaban un necesario voo alto e libre. A súa poesía deu levidade ao pesado corpo dunha realidade amarga. Con palabras luídas e claras, soñou e axudou a soñar o futuro desta Terra.

*Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
A Coruña, 22 de novembro de 2016*